

A. GÓMEZ FONT, «Abogacía y corrección idiomática», *Revista Llingua i Dret*, núm. 51, 2009, pp. 187-200*

A pretensión do traballo «Abogacía y corrección idiomática», que presenta GÓMEZ FONT, é poñer remedio á situación en que se atopan moitos dos licenciados en Dereito no dominio da lingua en que van traballar polo descoñecemento de normas ortográficas e ortotipográficas, fallos sintácticos e léxico pobre¹. O autor, despois de preguntarse pola razón de que unha persoa ao rematar os seus estudos na facultade de dereito non manexa ben a linguaxe, chega á conclusión de que a razón é moi simple porque «[...] a ensinanza da lingua falla dende a ensinanza primaria, segue fallando na secundaria e eses fallos non se remedian na universidade [...]».

O que se pretende coa recensión a este estudo é sintetizar algúns dos erros que se observan como máis habituais na linguaxe e, en particular, no eido xurídico, a saber:

1. Fallos en redacción

Por unha parte e en particular, singularízanse os erros na redacción de cartas que, ao fin e ao cabo, poden resultar de interese por tratarse de documentos empregados en moitos despachos de avogados, por exemplo.

Non é correcto comezar as cartas con «Estimado señor» seguido dun apelido e dunha coma e despois un salto de liña:

*Estimado señor Müller,
Con esta carta dámoslle conta do estado do caso no que vostede é parte...*

Non é correcto, é un calco do inglés, é un anglicismo ortográfico, pois cando se cambia de liña, deben poñerse dous puntos e non coma tras o apelido:

*Estimado señor Müller:
Con esta carta dámoslle conta do estado do caso no que vostede é parte...*

Tamén ao principio das cartas máis persoais, máis íntimas; pero tamén propias de calquera despacho de avogados, fállase no uso das comas, e así vemos escritos os saúdos da seguinte forma:

* Recensión elaborada para o *Obradoiro de linguaxe e redacción xurídica galega*, dentro do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da Universidade de Santiago de Compostela, co gallo do Plan *Témoslle Lei* e impartido polo profesor Martín RAMOS INSUA, a quen, dende aquí, manifesto o meu máis sinxelo agradecemento e os meus parabéns polo seu ben facer.

¹ GÓMEZ FONT é coordinador xeral da *Fundación del Español Urgente* (Madrid) e profesor da materia *Redacción Jurídica i Documental* na Facultade de Dereito da Universitat Pompeu Fabra.

Advirtase que se entende por «ortotipografía» o conxunto de usos e convencións particulares polas que se rexe en cada lingua a escritura mediante signos tipográficos (*Diccionario de la Lengua Española* [RAE], 22ª ed.).

*Hola Pedro,
Te escribo para informarte de la situación actual del proceso...*

E iso tampouco é correcto, pois hai que colocar coma entre o saúdo e o nome, e despois un punto e á parte:

*Hola, Pedro.
Te escribo para informarte de la situación actual del proceso...*

Doutra banda, criticase a colocación indiscriminada das comas e recoñécese que, para complicar aínda máis as cousas, algún día alguén tivo a esperpéntica idea de dicir que había que poñer unha coma cada vez que ao ler un texto en voz alta se fixese unha pausa para respirar.

2. A importancia da ortotipografía

Polo que atinxe á importancia do axeitado emprego dos signos tipográficos que, en definitiva, é no que consiste a ortotipografía, si xa se resaltou o mal uso das comas; ocorre outro tanto coa utilización do resto dos signos ortográficos².

Así, non se sabe que tipo de comiñas deben usarse en cada situación da redacción do texto, nin se coñecen os usos da raia, nin se diferencian estes dos do guión, nin para que serve a cursiva, etcétera.

Recoñece o autor que a desaparición das máquinas de escribir e a posterior chegada aos despachos de computadores e dos sistemas de edición de textos trae consigo unha morea de signos e tipos de letras, tamén lle chama a atención que a ninguén se lle ocorrese que os usuarios deses programas necesitaban un curso de introdución á ortotipografía³. Así, sinala que con este xoguete entre as mans moitos se lanzan á piscina e se dedican a mesturar o non mesturable.

Vexamos algúns dos fallos ortotipográficos máis salientables e habituais:

— *O uso das comiñas e da cursiva (ou itálica)*

É habitual encontrar textos nos que aparecen parágrafos encerrados entre comiñas e escritos con letra cursiva, o que é redundante, pois, se o que se pretende é mostrar que se trata dunha cita textual, basta coas comiñas; se por razóns estéticas se preferise utilizar a cursiva, as comiñas non son necesarias.

De todos os xeitos, para marcar que se trata dunha cita é mellor non usar nunca a cursiva e botar man doutros recursos (se non se queren usar as comiñas), como estreitar a caixa do texto ampliando as marxes ou compoñelo cun tamaño de letra máis pequeno.

Tamén chamada itálica, a cursiva utilízase cando se quere destacar algunha palabra ou frase do texto (é a mesma función que tiña o subliñado nas antigas máquinas de escribir).

² Recoméndase, para coñecer ben o uso deses signos, a lectura do libro de MILLÁN, José Antonio, *Perdón, imposible (Guía para una puntuación más rica y consciente)*, RBA, Barcelona, 2005.

³ Para resolver dúbidas deste tipo pode consultarse o libro de MARTÍNEZ DE SOUSA, José, *Ortografía y ortotipografía del español actual*, Trea, Gijón, 2008.

Advértese, no que atinxe á ortografía, que a Asociación de Academias de la Lengua Española, no que respecta á ortografía, adoita tender á simplificación, é dicir, a facernos as cousas máis doadas.

Deses cambios pode ser que os máis salientables sexan os relativos á palabra «solo» e os pronomes demostrativos, que a partir dese momento só deben empregarse con til no caso de ambigüidade.

— *A acentuación gráfica, en particular: a palabra «solo»*

Nas últimas edicións da *Ortografía de la lengua española*, da Real Academia Española (1959, 1974 e 1999) indícase que a palabra *solo* non leva til, excepto naqueles casos en que signifique *soamente* e, se non se lle pon acento gráfico, pode darse o risco de ambigüidade. Porén, ese risco de ambigüidade só é posible en frases illadas, fóra de contexto, como nos titulares dos xornais. Entón, nos textos xurídicos o axeitado é non lle poñer til nunca á palabra *solo*⁴.

— *Os pronomes demostrativos*

Os demostrativos (*ese, esa, esas, este, esta, estes, estas, aquel, aquela, aqueles, aquelas*) poden funcionar como adxectivos e como pronomes. A Real Academia Española, na súa *Ortografía* (desde 1959), indica que é potestativo poñerlles til cando funcionan como pronomes e que só será necesario facelo se existe risco de ambigüidade. Conclúe o autor que, tendo en conta que o risco de ambigüidade é moi pequeno e que é moi difícil dar con algunha frase na que exista, nos textos xurídicos debe optarse por non poñer til nunca nesas palabras⁵.

— *O uso das maiúsculas*

Recoñécese que un dos mellores consellos que se poden dar neste eido é «ante a dúbida: minúscula». Lémbrase, con agarimo, unha frase que lle oíu o autor ao lingüista Fernando Lázaro Carreter: «O minusculismo é máis hixiénico ca o maiusculismo»⁶.

⁴ Advértase da eliminación do til diacrítico no adverbio *solo*, incluso nos casos de ambigüidade, como unha das novidades introducidas pola nova *Ortografía de la lengua española*, Real Academia Española/Asociación de Academias de la Lengua Española, Espasa Calpe, Madrid, 2010, pp. 269 e 270.

⁵ Precisamente, unha das novidades que se introducen na nova edición das normas de ortografía é a eliminación do til nos pronomes demostrativos, mesmo nos casos de posible ambigüidade. Cfr., *Ortografía de la lengua española*, Real Academia Española/Asociación de Academias de la Lengua Española, Espasa Calpe, Madrid, 2010, pp. 269 e 270.

Nótese que as formas neutras (*ese, este, aquilo*) nunca levaron acento gráfico, pois non poden confundirse xa que só funcionan como pronomes.

⁶ Ante as dúbidas que pode suscitar o uso das maiúsculas, publicouse un libro dedicado a aclarar o asunto: o *Diccionario de uso de las mayúsculas y minúsculas*, de MARTÍNEZ DE SOUSA, José, Trea, Gijón, 2007.

Propón que cando se dubida hai que poñer minúscula; malia que recoñece que en ocasións a dúbida persiste e pode haber puntos de vista diferentes. Advírtese que hai algunhas maiúsculas que se incrustan e son moi difíciles de erradicar, que son as palabras que denominan cargos relacionados coa avogacía: *Notario, Procurador, Xuíz, Maxistrado*, etcétera; e as relacionadas coa administración: *Director Xeral, Subsecretario; Ministro, Gobernador, Presidente*, etcétera.

Xa que logo, debe quedar claro, como norma lingüística, que só se escriben con maiúscula os nomes propios, e ningunha das palabras antes mencionadas son nomes propios, senón comúns, como tamén o son *príncipe, rei e papa*.

3. Erros morfolóxicos

Índonos a outro tipo de fallos nos textos xurídicos, cómpre destacar os que son de índole morfolóxica⁷. No texto ao que se lle fai a recensión salíéntanse os seguintes:

— *O uso do xénero*

Advírtese de que en case toda a documentación dos bufetes aparece a tendencia a usar palabras como *xuíz, notario, maxistrado*..., así, en masculino, tanto se se refiren a un home como a unha muller⁸.

O 22 de marzo de 1995 aprobouse unha orde do Ministerio de Educación e Ciencia pola que os títulos académicos oficiais designados tradicionalmente en masculino pasaron a ter a súa correspondente versión en feminino. Con esta orde cambiáronse oficialmente 21 títulos, entre os que se encontraban os de *licenciada, diplomada, graduada, doutora, mestra, profesora, médica, farmacéutica, enfermeira*, etcétera.

Malia que nesa orde se faga mención só dos títulos académicos, debe xeneralizarse o uso do feminino (sempre que non resulte forzado) a todos os nomes de oficios e cargos que tradicionalmente eran ocupados só por homes: *xuíza, procuradora, notaria, avogada, senadora, deputada*, etcétera.

— *O abuso da palabra «mesmo» e os seus derivados*

Chámase a atención sobre un tic pouco elegante e moi usado polos avogados, é a repetición incesante de: *o mesmo, a mesma, os mesmos, as mesmas*, recurso feo, pouco elegante e moi aburrido, que Fernando Lázaro Carreter levou ao ridículo nesta apaixonante conversa entre unha parella:

—*Juraría que me había echado las llaves al bolsillo de la chaqueta, pero no llevo las mismas en el mismo.*

— *¿Te has mirado en el pantalón? Puedes llevarlas en los bolsillos del mismo.*

⁷ Lémbrese que a morfoloxía é a parte da gramática que se ocupa da estrutura das palabras.

⁸ Nótese que durante moitos anos os femininos das profesións e dos cargos usáronse para facer referencia ás esposas dos homes que as exercían: *a médica* era a esposa do *médico*, *a embaixadora* era a esposa do *embaixador*, *a notaria* era a esposa do *notario*...

—No, no llevo las mismas en el mismo... Al salir de casa, habré dejado las mismas sobre algún mueble de la misma, mientras sacaba el abrigo y me ponía el mismo.

—Tendrás que llamar al cerrajero para que abra la puerta.

—Sí, aquí tengo el teléfono del mismo. Nos cambió la cerradura de la misma hace poco, y conocerá la misma...⁹

— O *emprego excesivo dos verbos* realizar, iniciar e finalizar

Sínalase que se utilizan abusivamente verbos comodíns, de xeito salientable: *realizar, iniciar e finalizar*. O máis presente é *realizar*; todo, absolutamente todo se *realiza*, e nada se *leva a cabo, se executa, se desenvolve, se imparte, se plasma, se fabrica, se elabora, se compón, se confecciona, se constrúe, se produce...*

Os outros dous verbos, *iniciar e finalizar*, borran do escenario outros moito máis precisos para cada contexto: *comezar, empezar, principiar, inaugurar, abrir, incoar, emprender, aparecer, xurdir, arrincar, desatarse, desencadearse, nacer...*

Terminar, acabar, concluír, consumir, rematar, extinguir, saldar, ultimar, prescribir, liquidar, cerrar, sobreeser, vencer...

— O *mal uso do xerundio*

Advírtese dun erro moi común na xerga xurídica e administrativa: o mal uso do xerundio, especialmente nun tipo de construcións que algúns denominan «xerundio do Boletín Oficial». Trátase do uso do xerundio como adxectivo que cualifica a un substantivo, sen ter en conta que o xerundio só actúa como adxectivo do verbo, pois con el explícase como se desenvolve a acción.

Exemplos dese uso incorrecto son: «Proxecto de lei establecendo normas para a asignación de...», «Regulamento prohibindo as pelexas de galos», «Decreto regulando a exportación de viños». Non pode haber «leis establecendo», nin «decretos regulando», senón «que establecen», «que prohiben» ou «que regulan».

— A *utilización equivocada de termos latinos*

Outra característica que chama a atención é a profusión de termos latinos nos documentos xurídicos, termos que forman parte da linguaxe técnica do Dereito; porén, en moitas ocasións empréganse mal. As dúas expresións máis habituais son «a grosso modo» e «de motu propio», formas, ambas as dúas, incorrectas; no canto de «grosso modo», que se escribe así, sería preferible dicir «en liñas xerais»; e en lugar de «motu propio», sen preposición *de*, debería dicir «por propia iniciativa».

O artigo remata poñendo de manifesto a importancia do bo uso do español para os bufetes, destácase algún dos libros de estilo que veñen publicando algúns bufetes e colexios de avogados; así mesmo refírese ao traballo, do que se fai a recensión, por unha banda a unha experiencia pioneira na Universitat Pompeu Fabra que introduce no seu plano de estudos unha materia titulada *Redacció Jurídica i Documental*; doutra parte,

⁹ LÁZARO CARRETER, Fernando, *El dardo en la palabra*, Galaxia Gotemberg/Círculo de Lectores, Barcelona, 1997, p. 311.

analízase o nivel do español nos estudantes de Cataluña, para rexeitar o falso tópico de que os estudantes cataláns teñen un nivel baixo no uso do español.

4. Xuízo crítico e reflexión final

Considero que o estudo que se fai no artigo cuxa recensión se leva a cabo adoece da falta de referencia á importancia que para unha boa redacción xurídica ten a lectura de textos de calquera materia, mesmo xornais, que adoitan empregar correctamente a linguaxe e, singularmente, de materiais xurídicos, xa sexan monografías ou revistas especializadas, sen prexuízo da importancia da lectura de resolucións xurisprudenciais para familiarizarnos co léxico xurídico.

Así mesmo, discrepo da opinión que ten o autor cando se refire ao nivel do español dos estudantes cataláns; coido que os estudantes cataláns ou, no noso caso, os galegos, si se ven afectados no uso da linguaxe española se son catalán ou galego falantes xa que poden confundilos as diferenzas gramaticais, ortográficas e ortotipográficas entre unha e as outras linguas, pénsese por exemplo, no diferente uso do *v* e do *b*: *abogado* —en español—, *avogado* —en galego— e índonos ao terreo da ortotipografía, é ben sabida a diferente utilización do signo de interrogación: ao principio e ao final da pregunta, no español; só ao final, no galego. Agora ben, malia estes inconvenientes, penso que se por parte dos estudantes se incrementan as boas lecturas de textos, tanto en galego como en castelán, desaparecerían moitos destes problemas lingüísticos.

Para rematar, coido que non é ocioso recordar que a Facultade de Dereito de Santiago de Compostela aproveitou a oportunidade da redacción dun novo plano de estudos de grao para preocuparse pola introdución dos estudos lingüísticos, boa proba diso é a incorporación ao plano de estudos da materia *Técnicas de expresión oral e escrita aplicadas ao Dereito*, co carácter de formación básica e con 6 créditos ECTS, que se imparte no segundo cuatrimestre do primeiro ano de grao en Dereito¹.

En síntese, cómpre insistir na importancia práctica dunha axeitada formación na lingua, neste caso, na galega, como medio de transmisión de pensamento, de coñecemento e de relación entre profesionais e particulares. Pouco importa que un graduado en Dereito acadese unha solvente formación xurídica se, ao fin, non consegue redactar con xeito un documento, isto é, unha boa ortografía axudará, sen dúbida, á pulcritude nos documentos. Así pois, saudemos con alborozo a iniciativa na Facultade de Dereito de introducir unha materia no seu plano de estudos que se ocupe destas cuestións lingüísticas.

Antonia Nieto Alonso
Profesora titular de Dereito civil
Universidade de Santiago de Compostela

¹⁰ Pode consultarse o plano de estudos de graduado en Dereito no BOE do 3 de marzo de 2011.